



Benestar dará continuidade ao primeiro Plan para persoas con discapacidade cunha nova estratexia

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid no Real Padroado sobre Discapacidade en representación de Galicia
- ▶ Mato destacou que o primeiro Plan de acción Integral para as persoas con discapacidade da Comunidade autónoma rematou este ano cun balance positivo, xa que se executaron practicamente o 100 por cento das medidas.



Mato solicita ao Estado que prime a posta en marcha de boas prácticas das autonomías na repartición dos fondos de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza en Madrid coa secretaria de Estado de Empleo, Engracia Hidalgo
- ▶ Mato destacou como unha das apostas de Galicia o proceso de acreditación da experiencia profesional, no que a Comunidade Autónoma é pioneira

Publicado no DOG o decreto polo que se establece o complemento extraordinario de 206 euros para beneficiarios de pensións non contributivas

- ▶ A axuda vai destinada a máis de 43.000 persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social (PNCS); do Fondo de Asistencia Social (FAS); e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)
- ▶ O pagamento realízase de oficio a todas as persoas que cumpran as condicións a través dunha transferencia bancaria.

Informe do paro rexistrado

Galicia pecha 2013 con 271.063 persoas sen emprego, un 2,77 por cento menos das rexistradas en decembro de 2012

- ▶ A directora xeral de Empleo e Formación destacou que a Comunidade Autónoma acadou o mellor comportamento interanual desde 2007

O Goberno fixa o SMI en 645,30 euros mensuais para 2014

Sumario	Política social	2-5	Xuventude e voluntariado	10
	Formación e emprego	6-7	SMI e cadro pensións	11
	Informe do paro rexistrado	7	Publicacións	12
	Traballo e economía social	8-9	Normativa	13-20

Créditos	Edita: Consellería de Traballo e Benestar
	Elaboración: Sección de Publicacións e Estatísticas
	Coordinación: Pepa Dabán Royo
	Maquetación: Antonio Lameiro Ces
ISSN: 2254-7835	

Cadro de contías mínimas de pensións do sistema da seguridade social para o ano 2014

Política social

Entra en vigor a nova Lei de inclusión social, que potenciará a inserción laboral para evitar a cronificación das situacións de risco

- ▶ O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica este texto, que foi consensuado cos principais axentes sociais de Galicia no seo do diálogo social
- ▶ Entre as principais novidades que establece, cabe destacar que se impulsará a coordinación entre os servizos de emprego e os sociais
- ▶ Ademais, co fin de facilitar a inserción laboral, articularase unha nova RISGA (renda de integración social de Galicia), que se dividirá en tres tramos: persoal e familiar, de inserción, e de transición ao emprego
- ▶ Por primeira vez, permitirase aos beneficiarios compatibilizar a axuda con traballos esporádicos, para evitar a "penalización" dos accesos ao emprego

Santiago, 31 de decembro de 2013.- Entra en vigor a nova Lei de inclusión social, que foi publicada no Diario Oficial de Galicia (DOG). O obxectivo deste texto, que substitúe o anterior que data de 1991, é potenciar a inserción laboral das persoas en risco de exclusión para evitar que se cronifiquen estas situacións. Cabe lembrar, ademais, que esta normativa foi consensuada cos principais axentes sociais de Galicia, no seo do diálogo social.

Co fin de incentivar a inserción laboral, unha das principais novidade que incorpora a Lei é o reforzo das sinerxias entre a área social e o emprego. Grazas a isto, facilitarase aos usuarios un itinerario único e coherente de cara ao acceso a un posto de traballo. Isto conseguirase a través de dúas vías: a propia prestación garantirá unha contía a maiores para aqueles beneficiarios que cumpran un itinerario de inserción laboral; e, por outra banda, as oficinas de emprego e o persoal de intermediación xogarán un papel decisivo.

Outra das principais novidades da normativa é que articulará unha nova Renda de inclusión social de Galicia —a palabra "integración" da denominación orixinal pasará a ser "inclusión"—, que será a partir de agora flexible e modular. Isto é, co fin de potenciar especialmente a inclusión laboral, dividirse en tres tramos distintos: o persoal e familiar; o de inserción; e o de transición ao emprego.

Estas accións complementaranse coa compatibilización da RISGA coas rendas obtidas a través de traballos esporádicos ou de escasa contía. Desta forma, evítase "penalizar" aqueles que acceden a un posto de traballo, e evítase que renuncien á realización do traballo, ou recorran á economía somerxida.

Actualmente na práctica "penalizábase" a realización de traballos esporádicos ou accións formativas, porque a percepción da RISGA se reducía ou se suspendía. Isto levaba a moitos beneficiarios a renunciar ou mesmo agochar estas actividades. Coa nova normativa, os tramos de inserción e de transición ao emprego son compatibles cos accesos parciais a determinados traballos, así como tamén se establece a compatibilidade con prestacións económicas de contía menor que a das pensións non contributivas.

Xa no que se refire aos tres tramos, cada un cumpre unha función distinta. Así, o denominado "persoal e familiar" garante unha contía mínima para a cobertura

das necesidades básicas das persoas, que se relaciona co compromiso de manter un proxecto de inserción social. É anual e prorrogable, ademais de ser ampliable en función dos membros da unidade familiar.

O segundo tramo é o de "inserción". Neste caso, o beneficiario percibe unha contía a maiores da do tramo persoal e familiar, co fin de estimular o seu acceso a un emprego. Este tramo terá unha duración de ata 18 meses. Para ser beneficiario deste tramo, é necesario cumprir un itinerario orientado á inserción laboral, con accións formativas.

Por último, a nova RISGA abrirá un tramo de transición ao emprego. Consiste nunha contía que se segue a percibir durante os seis primeiros meses desde a consecución dun posto de traballo por parte do beneficiario. A contía vai diminuindo gradualmente ata extinguirse.

Coa división en tres tramos, permítese que aqueles beneficiarios que non estean en condicións de cumprir un proxecto de inserción permanezan no tramo persoal e familiar e, pola súa banda, incentívase a incorporación a estes proxectos permitindo a recepción dunha contía a maiores para aqueles que pasen ao segundo tramo.

Deste xeito, agás no tramo básico, todas as contías que establece a nova Lei de inclusión

son maiores das que se viñan recibindo ata agora: tanto os complementos por outros conxuntos como as contías adicionais para fomentar a inserción.

As AIS

Outra das novidades da Lei é a regulación das axudas de inclusión social (AIS), que anteriormente eran denominadas audas de emerxencia social (AES).

Ata o de agora, estas contías destinábanse a sufragar situacións de grave emerxencia, pero agora destinaranse tamén a actuacións de acompañamento ou reforzo de carácter excepcional vinculadas ás medidas de apoio dos diferentes tramos da renda de inclusión social de Galicia.

As axudas de inclusión social, como ata o de agora, estarán destinadas a posibilitar que as persoas cunha grave situación económica continúen habitando na vivenda habitual cando este feito favoreza o proceso de inclusión; a mellorar a habitabilidade da vivenda habitual; ao equipamento do mobiliario básico da vivenda ou axudas para atención de necesidades primarias de alimentación, vestido e enxoval doméstico.

No texto, tamén se fomentan as empresas de inserción laboral e o seu recoñecemento, así como a adopción doutras medidas de inclusión social como as accións de discriminación positiva nas políticas activas de emprego.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131231/AnuncioC3B0-261213-0001_



Publicado no DOG o decreto polo que se establece o complemento extraordinario de 206 euros para beneficiarios de pensións non contributivas

- ▶ A axuda vai destinada a máis de 43.000 persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social (PNCS); do Fondo de Asistencia Social (FAS); e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM)
- ▶ Só outras 2 comunidades autónomas manteñen na actualidade un complemento autonómico para este colectivo
- ▶ Os pensionistas deberán cumprir dous requisitos: ter residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina de pensións non contributivas desde o 1 de xaneiro ata a data de entrada en vigor do decreto
- ▶ O pagamento realizase de oficio a todas as persoas que cumpran as condicións a través dunha transferencia bancaria.

Santiago, 30 de decembro de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG nº 248, do 30.12.2013) publica o decreto que establece ao pagamento do complemento extraordinario de 206 euros destinado ás persoas beneficiarias de pensións non contributivas da Seguridade Social (PNCS); do Fondo de Asistencia Social (FAS) e do subsidio de garantía de ingresos mínimos (SGIM). Beneficiará a máis de 43.000 pensionistas galegos, grazas a un investimento do Goberno autonómico de preto de 9 millóns de euros.

Ademais de Galicia, só outras 2 comunidades autónomas, Andalucía e Cataluña, manteñen un complemento autonómico destas características. Cabe destacar, ademais, que esta comunidade autónoma é a que destina unha contía máis elevada.

A contía aboarase nun pagamento único no mes de xaneiro. Esta axuda beneficiará, polo tanto, os pensionistas de xubilación e invalidez, na súa modalidade non contributiva; as persoas anciáns e enfermas con incapacidade para o traballo beneficiarias de axudas periódicas individualizadas; e as persoas que presentan unha discapacidade e que son beneficiarias do subsidio de garantía de ingresos mínimos.

Para optar a estas axudas non é necesario que os

beneficiarios presenten ningún tipo de solicitude nin facer ningún trámite adicional, xa que directamente percibirán o complemento extraordinario os que xa estean cobrando as pensións mencionadas.

Para recibir estas axudas hai que cumprir dous requisitos: ter a residencia habitual en Galicia e estar en situación de alta en nómina, é dicir, ser xa pensionista na data 1 de xaneiro de 2013 e permanecer nesta situación na data de entrada en vigor deste decreto.

O pagamento realizarase de oficio a todas as persoas beneficiarias que reúnan estes requisitos, para o que se recorrerá á información contida na base de datos da Xunta de Galicia. O pagamento efectivo farase a través dunha transferencia bancaria na conta corrente onde as persoas beneficiarias teñan domiciliado o recibo ordinario da



O titular da Xunta salienta que, dentro do apoio ás persoas vulnerables nos momentos de maior dificultade económica, este complemento está destinado ás persoas beneficiarias de pensións non contributivas; ás que perciben o fondo de asistencia social e ás que cobran o subsidio de garantía de ingresos

Santiago, 27 de decembro de 2013.- Dentro do apoio ás persoas vulnerables nos momentos de maior dificultade económica, o titular da Xunta destacou, na rolda de prensa do Consello, a aprobación un ano máis do decreto polo que máis de 43.500 galegos percibirán unha paga extraordinaria de 206 euros: persoas beneficiarias das pensións non contributivas; as que perciben o fondo de asistencia social; e as que cobran o subsidio de garantía de ingresos mínimos é para o que a Xunta destina preto de 9 millóns de euros.

Durante a súa intervención, Feijóo destacou, en primeiro lugar, o carácter extraordinario do complemento das pensións non contributivas, xa que de acordo coa doutrina constitucional, este complemento ten que ser excepcional e temporal, "e por iso o aprobamos ano a ano, en función da motivación da situación económica que estamos a vivir". E, en segundo lugar, recordou que se trata dun complemento que só existe noutras dúas comunidades: Andalucía e Cataluña.

http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131230/AnuncioCA05-271213-0008_



Política social

O DOG publica o decreto que crea a Rede galega de atención temperá destinada aos menores de entre 0 e 6 anos

- Os beneficiarios desta iniciativa son aqueles nenos e nenas con problemas de desenvolvemento ou que están en risco de padecelos, así como as súas familias
- O obxectivo é prestar unha actuación integral e coordinar un espazo común entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais
- A través desta normativa, establecerase a figura do profesional de referencia para os usuarios.

Santiago, 23 de decembro de 2013.- O Diario Oficial de Galicia (DOG) publica o decreto que creará por primeira vez en Galicia unha rede de atención temperá destinada a atender os nenos e nenas de entre 0 e 6 anos que teñan problemas de desenvolvemento ou estean en risco de padecelos.

O obxectivo desta rede, que foi aprobada recentemente no Consello da Xunta, é prestar unha atención integral, que permita ás familias e aos menores (tanto dependentes como non dependentes) avanzar na súa autonomía e na súa calidade de vida, así como traballar a prevención da súa posible dependencia.

Un dos principais obxectivos desta nova normativa é avanzar na coordinación dun espazo común entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais. Deste xeito, acadarase unha atención integral, continuada, flexible e contextualizada, ao mesmo tempo que se consegue unha maior eficiencia na prestación destes servizos.

Así, coa creación da rede conseguirase que os distintos servizos e recursos (centros, programas de atención, unidades hospitalarias...)

que pasen a formar parte dela actúen baixo uns mesmos criterios, e sexan acreditados baixo os mesmos parámetros. En concreto a rede estará rexida polos principios reitores de igualdade, coordinación, atención personalizada, integración social, interese superior do menor, prevención, autonomía persoal e participación, descentralización, proximidade, interdisciplinariedade e alta cualificación profesional, diálogo e participación familiar, e calidade.

Ademais, para afondar na coordinación interdepartamental, crearase o Consello Autonómico de Atención Temperá que, entre outras funcións, se encargará de establecer as liñas estratéxicas que se desenvolverán nesta materia.

Xa por último, outra das novidades principais, é que o texto regulará a figura do profesional de referencia para as familias, en relación aos tres ámbitos: sanidade, educación e servizos sociais. O texto tamén establece que os profesionais deste eido deberán ter unha formación específica en atención temperá.

<http://www.xunta.es/dog/Publicados/2013/20131223/>



Rueda destaca a creación, por primeira vez en Galicia, dunha rede de atención temperá destinada a atender os nenos que padecen problemas de desenvolvemento ou están en risco de padecelos

Santiago, 05 de decembro de 2013.- O vicepresidente da Xunta, Alfonso Rueda, destacou a creación, por primeira vez en Galicia, dunha rede de atención temperá destinada a atender os nenos que padecen problemas de desenvolvemento ou están en risco de padecelos.

Durante a rolda de prensa do Consello, Rueda precisou que esta iniciativa se dirixe aos nenos de entre 0 e 6 anos e ten como obxectivo avanzar na autonomía, na prevención e na calidade de vida, tanto destes menores como das súas familias. "Trátase dunha actuación integral e transversal, que busca coordinar un espazo común entre: sistema de saúde, sistema educativo e servizos sociais", subliñou.

Deste xeito, mediante este sistema coordinado, logranse cumprir dúas metas: unha atención integral, continuada e flexible; e conseguir a máxima eficiencia á hora de prestar estes servizos, optimizando os recursos e evitando as duplicidades que se poden dar na actualidade, onde a atención temperá se presta a través de entidades de iniciativa social, unidades hospitalarias, concellos e entidades privadas.

Así mesmo, destacou que con esta iniciativa os profesionais que traballan neste ámbito teñen que ter unha formación específica en atención temperá.

O decreto que regulará esta nova actuación establece o ámbito competencial das consellerías e o procedemento de acceso aos servizos e a creación e posta en marcha dos órganos colexiados.

No tocante a este último punto, Rueda subliñou que en menos dun mes, desde a entrada en vigor do decreto, se constituirá o Consello Autonómico de Atención Temperá; en menos de seis meses aprobarase un protocolo para conseguir que sexa efectiva desde o principio a coordinación e intervención interinstitucional e, antes dun ano haberá un procedemento para integrar todos os sistemas de información actuais e implantar así un sistema de xestión integral para atender aos menores que necesitan este servizo.

O vicepresidente da Xunta incidiu en que esta iniciativa suporá un importante avance a favor da autonomía e na calidade de vida dos menores con problemas de desenvolvemento ou con risco de padecelos.

A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou en Madrid no Real Padroado sobre Discapacidade en representación de Galicia

- Benestar dará continuidade ao primeiro Plan para persoas con discapacidade cunha nova estratexia
- Mato destacou que o primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade da Comunidade autónoma rematou este ano cun balance positivo, xa que se executaron practicamente o 100 por cento das medidas
- Estas actuacións beneficiaron ao ano ao redor de 100.000 persoas
- A titular de Benestar avanzou que o orzamento de 2014 incrementa nun 6 por cento as partidas destinadas a esta área ata chegar aos 97 millóns de euros
- Os programas de emprego para este colectivo aumentarán o seu orzamento nun 8 por cento en 2014.

Madrid, 16 de decembro de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, anunciou en Madrid, no Real Padroado sobre a Discapacidade ao que acudiu en representación de Galicia, que o Goberno galego traballa xa para poder dar continuidade ao primeiro Plan de acción integral para as persoas con discapacidade, que se puxo en marcha en 2010 na Comunidade Autónoma e remata este ano.

Mato destacou que o balance deste primeiro documento foi positivo, xa que, sinalou, foron executadas practicamente o 100 por cento das medidas que

beneficiaron ao ano ao redor de 100.000 persoas. "Coa nova estratexia, queremos completar e mellorar o acadado co plan actual, algo que esperamos conseguir grazas ao diálogo e ao consenso coas asociacións e profesionais que traballan co sector da discapacidade", explicou Mato.

A titular de Benestar resaltou que 2013 foi en Galicia "un ano de importantes avances no campo da discapacidade". Así, salientou que se incrementaron nun 6 por cento as partidas destinadas ás persoas con discapacidade nos orzamentos de 2014, que sumarán 97 millóns de euros. Deste total, dedicáranse



<http://www.rpd.es/home.htm>

17,4 millóns de euros a programas de emprego para a discapacidade, o que supón un 8 por cento máis que este exercicio.

"Todo este investimento irá dirixido á mellora da calidade de vida deste colectivo e ao fomento da súa integración social, especialmente a través da inserción laboral", apuntou a conselleira.

Por outra banda, lembrou que recentemente se enviou ao Parlamento de Galicia o proxecto

de Lei de accesibilidade e supresión de barreiras de Galicia, que se consensou cos colectivos máis representativos do sector. Indicou que a principal vantaxe desta normativa é que supera o tradicional concepto que ligaba a accesibilidade coas barreiras arquitectónicas. "O novo documento aposta pola accesibilidade universal incluíndo, por exemplo, este concepto na comunicación e nas TIC", explicou.

Mato lembrou que este ano tamén se aprobou a Rede galega de atención temperá, unha regulación que, segundo a conselleira, será innovadora, xa que porá en marcha un espazo común de coordinación e corresponsabilidade entre os sistemas de saúde, educación e servizos sociais. "O obxectivo é acadar unha acción integral na atención temperá que se dirixe aos nenos e nenas de entre 0 e 6 anos con problemas de desenvolvemento ou en risco de padecelo".

Por último, a conselleira sinalou que a Xunta segue a reforzar ano tras ano o seu compromiso coa calidade de vida das persoas con discapacidade sinalando que é "un obxectivo prioritario e irrenunciable das políticas do Goberno galego", concluíu.



Formación e emprego

Mato solicita ao Estado que prime a posta en marcha de boas prácticas das autonomías na repartición dos fondos de emprego

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, mantivo unha xuntanza en Madrid coa secretaria de Estado de Emprego, Engracia Hidalgo
- ▶ Durante a reunión, abordaron diversos temas de interese no eido laboral para o Goberno galego
- ▶ Mato destacou como unha das apostas de Galicia o proceso de acreditación da experiencia profesional, no que a Comunidade Autónoma é pioneira.

Madrid, 16 de decembro de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, solicitou ao Goberno central que prime a posta en marcha de boas prácticas por parte das comunidades autónomas á hora de distribuír os fondos en materia de emprego.

Así o reclamou durante unha xuntanza que mantivo coa secretaria de Estado de Emprego, Engracia Hidalgo. No transcurso desta reunión, Mato citou a execución de diversas boas prácticas en Galicia, como por

exemplo o desenvolvemento da acreditación profesional.

De feito, subliñou que esta comunidade autónoma "está a cabeza" do Estado tanto no número de acreditacións, como na posta en marcha deste procedemento. Así, desde 2011 –ano no que se realizou a primeira convocatoria–, a Comunidade Autónoma publicou seis convocatorias de recoñecemento que ofreceron 7.500 prazas de acreditación en distintas especialidades. Grazas a esta iniciativa, máis de 3.600 persoas

acadaron un certificado completo que acredita a súa profesionalidade.

E, xa máis en concreto e tamén como exemplo de boas prácticas, Mato destacou que Galicia é a primeira, e ata agora única comunidade, que está acreditando a experiencia laboral en socorrismo.

Neste sentido, a secretaria de Estado mostrou a súa intención de axilizar a sinatura do convenio que permita o financiamento destas actividades de recoñecemento por valor de preto de 800.000 euros, unha contía que podería confirmarse tamén para o próximo ano.

A maiores desta iniciativa, na reunión tamén avaliaron o proxecto de decreto da carteira de servizos do Servizo Público de Emprego de Galicia, que xa se atopa en tramitación.

O Ministerio acolleu favorablemente esta actuación, dado que o Goberno central está camiñando nesta mesma dirección.

Esta actuación foi consensuada cos axentes sociais e conta, entre os seus obxectivos prioritarios, o de mellorar a eficiencia do Servizo público de emprego de Galicia para convertelo nun "verdadeiro punto de encontro e un instrumento de intermediación máis efectivo".

Xa para rematar, Mato mostrou o seu interese polo estado dos programas de garantía que se financian con fondos europeos. A previsión é poder avanzar neste tema na próxima conferencia sectorial para avaliar a súa execución con todas as comunidades autónomas.



Traballo convoca 1.000 prazas para que os socorristas poidan por primeira vez acreditar a súa experiencia profesional

Oleiros (A Coruña), 14 de decembro de 2013.- A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, supervisou na praia de Santa Cristina, en Oleiros, as primeiras probas que se realizan en Galicia para que os socorristas poidan acreditar a súa experiencia profesional.

Estes exames, que consistiron nunha simulación de rescate, correspóndense coas primeiras 400 prazas que convocou para este sector a Consellería de Traballo e

Benestar o ano pasado e ás que agora se suman outras 600 que vén de convocar o pasado mes de novembro. É preciso lembrar que os socorristas, sen titulación profesional, teñen que conseguir esta acreditación antes de 2017 para poder seguir exercendo a súa profesión.

Das primeiras 400 prazas, a metade son para acreditar a experiencia profesional en socorrismo en instalacións acuáticas e as outras 200 en espazos naturais. As probas, en

concreto, eran para socorristas en zonas abertas, nas que tomaron parte máis de 108 alumnos e alumnas. Con respecto á convocatoria das 600 novas prazas, que tivo lugar o pasado mes de novembro, un total de 300 son para espazos naturais e as restantes para instalacións acuáticas.

A convocatoria de prazas para a acreditación da experiencia profesional en diversos sectores é unha iniciativa que leva a realizar a Consellería de Traballo e Benestar

desde o ano 2011. Así, e, segundo lembrou Mato, ata o de agora xa se realizaron 6 convocatorias públicas que aglutinaron 7.500 prazas nos seguintes sectores: ademais de en socorrismo, en atención sociosanitaria, redeiras, tubeiros, cubertas, operacións de restaurante e bar, control de pragas, tubaxe, soldadura e información xuvenil. En total, 3.655 candidatos obtiveron o certificado completo que acredita a súa profesionalidade.

Informe do paro rexistrado

Galicia pecha 2013 con 271.063 persoas sen emprego, un 2,77 por cento menos das rexistradas en decembro de 2012

Santiago, 3 de xaneiro de 2014.- Galicia rexistrou no mes de decembro un total de 271.063 persoas sen emprego, segundo as estatísticas do paro rexistrado, o que supón que a Comunidade Autónoma pecha o ano 2013 cun 2,77 por cento menos de desempregados con respecto ao mes de decembro de 2012, é dicir, que na evolución interanual o paro rexistrado diminúe en 7.724 persoas.

Ademais, é preciso salientar que Galicia pecha o ano con menos parados do que iniciou o exercicio 2013. En xaneiro de 2013 había 290.790 persoas sen emprego fronte ás 271.063 desempregados rexistrados en decembro.

A directora xeral de Emprego e Formación, Ana María Díaz López, sinalou que Galicia se



sitúa ante "o mellor comportamento interanual dos últimos 6 anos, desde 2007" e destacou que as cifras confirman "a tendencia desde o ano 2013 de mellora progresiva na evolución interanual do paro rexistrado".

Así mesmo, Díaz López afirmou que se trata da segunda baixada interanual consecutiva do paro rexistrado desde o ano 2007, que, ademais, mellora a baixada do -2,05 por cento acadada o pasado mes de novembro.

Ademais, a responsable autonómica apuntou que, con respecto a novembro, o paro rexistrado sobe en Galicia un 0,08%, o que supón a menor subida nun mes de decembro desde que se conta con datos publicados de paro rexistrado, é dicir, desde o ano 1996.

Polo que respecta ao Estado, o paro baixa nun 2,24 por cento con respecto ao mes de novembro, o que se traduce en 107.570 persoas menos ata situarse nos 4.701.338 parados.

Analizando o desemprego en Galicia por sectores, obsérvase que no sector servizos o paro rexistrado este mes baixou en 2.379 parados e no colectivo sen emprego anterior en 487 persoas. Pola súa banda, aumenta na construción con 1.817 persoas paradas máis e na agricultura e a pesca con 597 máis, neste último caso, debido fundamentalmente a que este mes estivo afectado pola marea vermella e as condicións meteorolóxicas adversas.



Xunta e Inspección de Traballo realizarán 37.000 actuacións en 2014 para previr os riscos laborais e controlar a fraude no emprego

- ▶ A Consellería de Traballo e Benestar seguirá a colaborar coa Inspección de Traballo e Seguridade Social, dependente do Estado, para velar polo cumprimento das normas e as boas prácticas das empresas e traballadores no eido laboral
- ▶ A seguridade e saúde laboral continuará tendo carácter prioritario co desenvolvemento de máis de 6.800 ordes de servizo
- ▶ Reedítase o plan autonómico contra o emprego non declarado de Galicia e volverase realizar unha campaña de control de cumprimento das condicións dos ERES, en especial, nos de suspensión e redución de xornada.

Santiago, 29 de decembro de 2013.- A Consellería de Traballo e Benestar e a Inspección de Traballo e Seguridade Social, dependente do Estado, vén de programar as actuacións conxuntas que levarán a cabo de cara ao próximo ano co fin de velar polo cumprimento da normativa do eido laboral. En total, Xunta e Estado colaborarán para levar a cabo máis de 37.000 actuacións que se centrarán en tres ámbitos principalmente: a prevención de riscos laborais, o emprego e as relacións laborais, e a seguridade social e economía irregular.

As áreas onde as competencias fundamentalmente corresponden á Administración autonómica son as dos dous primeiros eixos, que representan un 35 por cento do total de ordes de servizo previstas.

Deste xeito, a seguridade e saúde laboral dos traballadores galegos seguirá a ter carácter prioritario coa previsión en 2014 de levar a cabo máis de 6.800 actuacións neste ámbito, situándose as máis relevantes na vixilancia das condicións técnicas e obrigas legais en obras de construción. Ao respecto, continuarase coa campaña de seguimento nas grandes obras.

Prevención na pesca

Ademais, o Instituto Galego de Seguridade e Saúde Laboral (ISSGA) e a Inspección de Traballo seguirán coas campañas de prevención no sector da

pesca, como 'Vixía' ou 'Segumar', e coa de comprobación dos riscos músculo-esqueléticos.

Así mesmo, resaltarán en 2014 as iniciativas dirixidas aos sectores expostos ó silice cristalina ou que manipulan axentes químicos, ao tempo que se intensificará o labor de inspección naquelas pequenas e medianas empresas que aínda non implantaron plenamente medidas preventivas nos seus centros de traballo. Prestarase tamén especial atención a vixiar e controlar os servizos de prevención e seguirase coa investigación das enfermidades profesionais.

Control dos ERES

Con respecto ao segundo eixo, o de emprego e relacións laborais, levaranse a cabo máis de 6.200 actuacións

encamiñadas a controlar os posibles casos de fraude na contratación, procurando, por exemplo, a conversión de contratos temporais en indefinidos, cando o uso da modalidade contractual temporal non se axuste ao marco normativo vixente. Tamén se vixiará o cumprimento da lei na subcontratación no sector da construción e na integración laboral das persoas con discapacidade.

Así mesmo, desenvolveranse actuacións en materia de xornada de traballo, horas extraordinarias e descansos e no apartado dos expedientes de regulamento de emprego (ERES), reeditase a campaña de seguimento en control do cumprimento das súas condicións, en especial, nos de suspensión e redución de xornada.

Por outra banda, e tamén neste ámbito, planificaranse inspeccións para vixiar a igualdade efectiva entre mulleres e homes e seguirase prestando especial atención ás axudas de fomento do emprego concedidas

pola Xunta para a creación de empresas ou postos de traballo, así como os contratos programa para a execución de plans formativos.

Economía irregular

No ámbito da seguridade social e economía irregular realízanse preto de 23.000 ordes de servizo. Neste eixo, a Consellería de Traballo e Benestar seguirá a levar a cabo o plan autonómico contra o emprego non declarado en Galicia, que realiza en coordinación co Estado. Esta campaña está dirixida a reforzar as inspeccións para detectar faltas de alta na Seguridade Social e loitar fundamentalmente contra a fraude de prestacións no Servizo Público de Emprego de Galicia.

Por último, ademais destas 36.000 ordes de servizo, ao longo do ano faranse un total de 1.550 actuacións máis a través de campañas específicas que se irán determinando durante o exercicio.

Odilo Martiñá na xuntanza da Comisión Territorial da Inspección de Traballo e Seguridade Social



O Consello Galego de Relacións Laborais cumpre 25 anos converténdose nun órgano de referencia na mediación

- ▶ A conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, participou na celebración deste aniversario
- ▶ A responsable de Traballo lembrou que un dos grandes fitos que se alcanzou este ano no eido das relacións laborais foi a sinatura do novo Acordo galego de solución extraxudicial de conflitos de traballo (AGA)
- ▶ O acordo inicial permitiu achegar unha solución negociada a conflitos laborais que afectaron máis de 700.000 traballadores e 78.000 empresas ao longo de dúas décadas e obtivo un índice de éxito próximo ao 90%
- ▶ Na pasada lexislatura acadáronse 29 acordos no marco do diálogo social, nos que se consensuaron as principais actuacións económicas e laborais do Goberno da Xunta

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2013.- O Consello Galego de Relacións Laborais celebrou o seu 25 aniversario, dúas décadas e media que lle permitiron converterse nun órgano de referencia das relacións laborais en Galicia ao erixirse "nun exitoso mediador, nun árbitro aceptado por todas as partes e nunha magnífica ferramenta para a concertación".

Así o indicou a conselleira de Traballo e Benestar, Beatriz Mato, na súa intervención neste acto de celebración, na que destacou que ata o momento "ningunha conxuntura nos ten posto tan a proba como a crise que comezou en 2008" e, nese contexto, os acordos acadados teñen "moito que ver" co compromiso con Galicia e cos galegos demostrado polos axentes sociais.

A titular de Benestar valorou que Galicia se ten convertido nun referente na súa aposta polo diálogo social ao atopar amplos

laborais do Goberno da Xunta.

En concreto, neste ano acadáronse dous acordos puntuais en dúas actuacións de calado: o desenvolvemento do contrato de formación e aprendizaxe; e o decreto que vai definir a carteira de servizos de emprego.

Doutra banda, a responsable de Traballo lembrou que un dos grandes fitos que se alcanzou este ano no eido das relacións laborais foi a sinatura do novo Acordo galego de solución

extraxudicial de conflitos de traballo (AGA), o que supuxo a renovación e actualización dun instrumento moi útil nos máis de 20 anos que leva en funcionamento en Galicia.

O acordo inicial permitiu achegar unha solución negociada a conflitos laborais que afectaron máis de 700.000 traballadores e 78.000 empresas ao longo de dúas décadas e obtivo un índice de éxito próximo ao 90%.

Beatriz Mato no aniversario do Consello Galego de Relacións Laborais



<http://cgrl.xunta.es/index.asp>



Xuventude e voluntariado

Un total de 90 persoas reclusas participan nun programa de Xuventude para a reinserción a través da acción voluntaria

- ▶ O director xeral de Xuventude e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, participou nas III Xornadas 'O Voluntariado, unha alternativa ao delito', organizadas por APES en Ourense
- ▶ Rodeiro destacou a formación en voluntariado de persoas reclusas nos cinco cursos impartidos nos centros penitenciarios de Teixeiro, Monterroso e O Pereiro de Aguiar así como nos centros de inserción social (CIS) da Coruña e Vigo, que se enmarcaron dentro do Plan de formación 2013 que desenvolve a Dirección Xeral
- ▶ O responsable de Xuventude sinalou tamén que con esta colaboración se está a dar cumprimento ao establecido no Plan galego de acción voluntaria 2011-2014 consensuado con máis de 800 entidades de Galicia

Santiago, 12 de decembro de 2013.- A Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado e a Asociación para a Prevención da Exclusión Social (APES) desenvolven o programa 'Voluntariado desde dentro', unha iniciativa pioneira

que pretende ser unha ferramenta para a reinserción das persoas que cumpren condena nos centros penitenciarios de Galicia mediante a acción voluntaria e na que participan 90 reclusos.

O director xeral de Xuventude

e Voluntariado, Ovidio Rodeiro, acompañado do delegado territorial da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, participou nas III xornadas 'O Voluntariado, unha alternativa ao delito', organizadas por APES en Ourense co obxectivo de conmemorar o Día Internacional de Voluntariado que se celebrou o pasado día 5 de decembro. O acto tivo como principal finalidade a de dar visibilidade a este programa.

Na súa intervención, Rodeiro destacou a formación en voluntariado de 90 persoas reclusas nos cinco cursos impartidos nos centros penitenciarios de Teixeiro, Monterroso e O Pereiro de Aguiar

así como nos centros de inserción social (CIS) da Coruña e Vigo, que se enmarcaron dentro do Plan de formación 2013 que desenvolve a Dirección Xeral de Xuventude e Voluntariado.

O responsable de Xuventude destacou tamén que con esta colaboración se está a dar cumprimento ao establecido no Plan galego de acción voluntaria 2011-2014 consensuado con máis de 800 entidades de Galicia. Ademais, e tal e como establece a Lei galega de acción voluntaria, as experiencias voluntarias que realicen estas persoas dentro deste programa serán certificadas pola Dirección Xeral.

A Xunta ofrece a súa colaboración na execución do Plan nacional de garantía xuvenil para mellorar a empregabilidade da mocidade galega

- ▶ A Administración autonómica apoiou esta estratexia no seo da LVI Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais que se celebrou en Madrid
- ▶ O obxectivo da iniciativa é que os menores de 25 anos que rematen a súa educación formal ou estean sen emprego reciban unha oferta de emprego, de educación continua ou un período de prácticas nun prazo máximo de 4 meses
- ▶ O Goberno galego valorou que o plan permitirá facer un seguimento rigoroso dos beneficiarios avaliando con precisión a súa eficacia e eficiencia.

Madrid, 18 de decembro de 2013.- A Xunta de Galicia ofreceu a súa colaboración ao Estado na execución do Plan nacional de garantía xuvenil, que ten como principal obxectivo mellorar a empregabilidade da mocidade

galega. O Goberno galego valorou positivamente esta iniciativa no seo da LVI Conferencia Sectorial de Emprego e Asuntos Laborais que se celebrou en Madrid.

A actuación forma parte da nova Estratexia de garantía xuvenil

que está a impulsar a Unión Europea para o período 2014-2020 e que se empezará a aplicar en Galicia, no resto de comunidades e no propio Estado o próximo ano. O obxectivo é que os menores de 25 anos que rematen a súa educación formal ou estean sen emprego reciban unha oferta de emprego, de educación continua ou un período de prácticas nun prazo máximo de 4 meses.

Cada comunidade autónoma recibirá, para levar adiante este plan, fondos do Estado que están por determinar, aínda que previsiblemente a súa distribución estará

ligada á porcentaxe da poboación "NI-NI" e desempregada menor de 25 anos de cada rexión con respecto ao total do Estado.

O Goberno galego considerou que o plan deseñado polo Goberno central se caracteriza pola súa transparencia e por dar visibilidade tanto ás accións como ás persoas. Neste senso, valorouse positivamente que a actuación permitirá levar un rexistro das persoas beneficiarias, efectuando un seguimento rigoroso e, polo tanto, podendo avaliar con precisión a eficacia e eficiencia das medidas que se van executar.

<http://xuventude.xunta.es/>



<http://www.voluntariadogalego.org/web/>



O Goberno fixa o SMI en 645,30 euros mensuais para 2014

Madrid, 27 decembro 2013. O Consello de Ministros aprobou na súa reunión do 27 de decembro do 2013 a contía do Salario Mínimo Interprofesional (SMI) para o ano 2014, que se fixou en 21,51 euros diarios ou 645,30 euros mensuais.

A decisión foi consultada coas organizacións

sindicais e empresariais máis representativas, e supón manter o SMI na mesma contía establecida para 2013.

Responde desta forma ao contexto económico actual de contención de prezos que aconsella a adopción de políticas salariais durante o ano 2014 que poidan contribuír ao

mesmo tempo á recuperación económica, a mellora da competitividade e a creación de emprego.

Neste sentido, a medida considera de forma conxunta todos os factores contemplados no artigo 27.1 do Estatuto dos traballadores para a determinación do SMI.

Cadro de contías mínimas de pensións do Sistema da Seguridade Social para o ano 2014

	Euros/ano		
	Con cónxuxe a cargo	Sen cónxuxe: Unidade económica unipersoal	Con cónxuxe non a cargo
XUBILACIÓN			
Titular con 65 ou máis anos	10.932,60	8.860,60	8.404,20
Titular menor de 65	10.246,60	8.288,00	7.831,60
Titular con 65 ou máis anos procedente de gran invalidez	16.399,60	13.291,60	12.607,00

INCAPACIDADE PERMANENTE			
Gran invalidez	16.399,60	13.291,60	12.607,00
Absoluta	10.932,60	8.860,60	8.404,20
Total: Titular con 65 anos	10.932,60	8.860,60	8.404,20
Total: Con idade entre 60 e 64 anos	10.246,60	8.288,00	7.831,60
Total: Derivada de enfermidade común menor de 60 anos (*)	5.510,40	5.510,40	4.969,86
Parcial do réxime de accidente de traballo: Titular con 65 anos	10.932,60	8.860,60	8.404,20

VIUVEZ	
Titular con cargas familiares	10.246,60
Titular con 65 ou máis anos ou discapacidade >65%	8.860,60
Titular entre 60 e 64 anos	8.288,00
Titular menor de 60 anos	6.707,40

ORFANDE	
Por beneficiario	2.706,00
Por beneficiario discapacitado menor de 18 anos cunha discapacidade en grao igual ou superior ao 65%	5.325,60
<i>Na orfandade absoluta o mínimo incrementarase en 6.707,40 euros/ano distribuídos, se é o caso, entre os beneficiarios</i>	

FAVOR FAMILIAR	
Por beneficiario	2.706,20
<i>Se non existe viúvo nin orfo pensionistas:</i>	
Un só beneficiario con 65 anos	6.542,20
Un só beneficiario menor 65 anos	6.161,40
<i>Varios beneficiarios: O mínimo asignado a cada un deles incrementarase no importe que resulte de ratear 3.991,40 euros/ano entre o número de beneficiarios</i>	

PENSIÓN NON CONTRIBUTIVA	
Vellez e invalidez, un beneficiario	5.122,60

PENSIÓN MÁXIMA	
	35.762,86

Publicacións

Catálogo de publicacións na web

Últimas novidades:



BITEB. Boletín Informativo de Traballo e Benestar decembro 2013, nº 91

Publicación periódica mensual na que se recollen novas sobre as actuacións máis salientables da Xunta de Galicia nos eidos laboral e do benestar. Acompaña á publicación unha recompilación normativa de lexislación relacionada con estes ámbitos de carácter autonómico (DOG e diarios oficiais das restantes comunidades autónomas), estatal (BOE) e comunitario (DOUE).

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/BITEB_nx_91_Decembro_2013.pdf



Estudo do Mercado Laboral.Galicia

O estudo do mercado laboral de Galicia elaborado polo Observatorio das Ocupacións, servizo do Instituto Galego das Cualificacións, pretende servir de instrumento eficaz dirixido ao servizo público de emprego e ás institucións e profesionais que desenvolven as súas actividades no ámbito laboral da orientación e a formación profesional, co fin de que teñan un coñecemento pormenorizado sobre a estrutura do mercado laboral da Comunidade Autónoma, proporcionando para este obxectivo información detallada das principais variables que determinan e condicionan o funcionamento do mercado galego.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Estudo_do_mercado_laboral_2012.pdf



As entidades colaboradoras de adopción internacional

Guía que analiza e dá a coñecer, polo miúdo, as entidades colaboradoras de adopción internacional: que son, como funcionan, para que serven.

► Acceso galego:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/As_Entidades_colaboradoras_adopcion_internacional.pdf

► Acceso castelán:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/Las_Entidades_colaboradoras_adopcion_internacional.pdf



Informe de seguimiento 2012

Informe de seguimiento 2012. Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015

Informe de seguimiento 2012 no que se dá conta das actuacións implantadas polo Goberno galego en resposta á programación establecida no Plan galego das persoas maiores 2010-2013, horizonte 2015. Estrutúrase en catro capítulos aos que acompaña información complementaria que completa a información analizada.

► Acceso:

http://traballo.xunta.es/export/sites/default/Biblioteca/Documentos/Publicacions/PLAN_GAL_PERS_MAIORES-Informe_seguimiento_2012.pdf

Publicacións editadas ou de próxima aparición:

- Vis a vis, nº 4
- Guía técnica do ISSGA. Boas prácticas en prevención de riscos laborais. Manual de seguridade no laboratorio
- Xantar na casa. Manual para a práctica
- As entidades colaboradoras de adopción internacional
- Distribución das accións formativas reconfiguradas dos plans

de formación sectoriais da convocatoria 2012, segundo o seu ámbito

- Os A do Issga. Actua. Adegá
- Las entidades colaboradoras de adopción internacional
- Estudo do mercado laboral. Galicia 2012
- Un ano de mobilidade xuvenil 2013.

DOG

• Corrección de erros. Resolución do 11 de novembro de 2013, da Dirección Xeral de Traballo e Economía Social, pola que se lles dá publicidade ás festas laborais de carácter local para o ano 2014, correspondentes aos concellos das catro provincias da Comunidade Autónoma de Galicia. (DOG nº 231, do 03.12.2013).

• Orde do 27 de novembro de 2013 pola que se fai pública a ampliación da dotación orzamentaria para a concesión das axudas establecidas na Orde do 21 de xuño de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras do programa para a promoción da integración laboral das persoas con discapacidade en centros especiais de emprego e do programa de subvencións ás unidades de apoio á actividade profesional no marco dos servizos de axuste persoal e social dos centros especiais de emprego, cofinanciado polo Fondo Social Europeo e se procede á súa convocatoria para o ano 2013. (DOG nº 232, do 04.12.2013).

• Resolución do 5 de decembro de 2013 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección que aproba as bases reguladoras das axudas aos proxectos de creación de pequenas e medianas empresas ou de realización de investimentos en pequenas e medianas empresas novas promovidas por novos emprendedores, cofinanciadas polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, no marco do programa operativo Feder Galicia 2007-2013, e se procede á súa convocatoria en réxime de concorrencia non competitiva (Galicia Emprende). (DOG nº 238, do 13.12.2013).

• Resolución do 9 de decembro de 2013 pola que fai pública a redistribución dos importes existentes para a concesión das axudas previstas na Orde do 10 de abril de 2013 pola que se establecen as bases reguladoras e a convocatoria pública para a concesión de subvencións para a contratación de persoal técnico para a realización de actividades de información, orientación e prospección de emprego no exercicio 2013. (DOG nº 239, do 16.12.2013).

• Decreto 182/2013, do 12 de decembro, polo que se aproba a oferta de emprego público correspondente a prazas de persoal funcionario da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2013. (DOG nº 242, do 19.12.2013).

• Decreto 183/2013, do 5 de decembro, polo que se crea a Rede galega de atención temperá. (DOG nº 244, do 23.12.2013).

